

OBRADOIROS DE SEMANA SANTA 2026

Actividade de conciliación da vida laboral e familiar dirixido ao alumnado de 4º, 5º e 6º de E. Infantil, toda E. Primaria, e 1º da ESO nas vacacións escolares da Semana Santa 2026.

Os participantes farán actividades lúdico-deportivas e culturais.

- **Datas de celebración das actividades:** Días 30 e 31 de marzo e 1 e 6 de abril de 2026.

- **Lugar de realización:** Realizarase no CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre (pavillón polideportivo, aula usos múltiples, aula ANPA, ximnasio e comedor do centro e baños anexos a cada espacio).

- **Destinatarios:** para o alumnado de 4º, 5º e 6º de E. Infantil, toda E. Primaria, e 1º da ESO.

- **Prazo de presentación das solicitudes de inscrición:** O prazo de inscrición irá do **4 ao 13 de marzo de 2026** (ambos incluídos).

Fóra deste prazo só se poderán presentar solicitudes de alta (por se hai prazas vacantes) **ata as 23:59 horas do 20 de marzo de 2026. Logo desta data xa non se poderán presentar solicitudes de alta.**

- **Nº Prazas:** O número mínimo de prazas para que se poñan en marcha as actividades do campamento e que se van a ofertar é de 20 e o máximo é de 70.

Prazas mínimas e máximas para que se leven a cabo os servizos:

SERVIZOS	Mínimo	Máximo
Atención aos participantes a 1ª hora	10	70
Almorzo	10	
Actividades	20	
Comida	25	
Atención aos participantes de 14:30 a 15:00 horas (solo se non hai comida)	1	

- **Documentación a presentar, no prazo de solicitude de inscrición,** via telemática pola sede electrónica do Concello de Cambre ou en calquera dos rexistros de entrada municipais ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- **Solicitude de inscrición** (segundo modelo normalizado) a descargar na páxina web municipal.

- **Documentación acreditativa do núm. IBAN** de conta bancaria onde se fará o cargo do prezo público correspondente ás actividades (ademais de cubrir a autorización bancaria que é obrigatoria).

- No caso de que soliciten **redución na cota das actividades deberán presentar a documentación necesaria para acreditar as reducións sinaladas** na solicitude de inscrición (Familia Numerosa, rexistro paro, carnet OMIX ou Xove). Para poder aplicar as reducións deberá marcalo na casilla correspondente da solicitude.
- No caso de que soliciten **redución na cota da comida deberán presentar:**
 - o Autorización asinada de comprobación de datos de renda de todos e cada un dos membros maiores de idade da unidade familiar á Axencia Tributaria. No caso de non autorizar a dita comprobación de datos poderá presentar a copia da declaración da Renda de todos e cada un dos membros da unidade familiar maiores de idade.
 - o Libro de Familia.
 - o De ser o caso: sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador onde indique a pensión de manutención establecida, certificado de viuvez, certificado de familia monoparental ou monomarental emitido pola administración competente ao efecto.

Se xa presentou no ano 2024, no 2025 ou no 2026 o Libro de Familia, a sentenza de separación, convenio regulador e o nº de IBAN, non será necesario que o presente de novo con esta solicitude se esa documentación está en vigor, pero si é obrigatorio que o indique expresamente na súa solicitude, con mención expresa ao expediente no que obre a documentación.

Aos efectos do cálculo do nivel de renda da unidade familiar e para acreditar aqueles supostos nos que concorran circunstancias que modificaran a situación familiar existente no ano 2024, deberá documentarse o exercicio 2026 de toda a unidade familiar, aportando a seguinte documentación:

- No caso de separación ou divorcio: certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio 2026 que aparezan na vida laboral, ou certificado de empresa oficial onde conste o período de traballo e importes percibidos nese período.

- No caso de desemprego: Demandante de emprego con prestación: certificado de prestacións do SEPE no que se indiquen as prestacións que se perciben actualmente e os períodos correspondentes e/ou segundo proceda, certificado de haberes dos meses nos que se traballara. Demandante de emprego sen prestación: certificado do SEPE e certificado de vida laboral.

- No caso de ERTE: documentación que acredite a situación e na que se reflicten os ingresos percibidos nese período e resto de ingresos percibidos fóra dese período no ano 2026 ata a data de presentación da solicitude.

- No caso de viuvez, xustificante da pensión de viuvez e/ou certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio 2026 que aparezan na vida laboral ou certificado de empresa oficial.

- Noutros casos non recollidos neste apartado, a documentación necesaria que o acredite segundo sexa o caso e que permita ao Concello poder comprobar o seu nivel de renda.

O Concello de Cambre, poderá solicitar tanta información necesite para calcular a renda per cápita anual da unidade familiar se así o estima oportuno para o que a familia deberá presentar a documentación requirida no prazo que se estableza.

- **Selección dos/das participantes:** Se non se reciben máis solicitudes que prazas, admitiranse todas as solicitudes recibidas no prazo establecido. Se houbera máis solicitudes que prazas (presentadas no prazo de solicitude de inscrición), farase unha valoración de solicitudes, tendo en conta os criterios de selección que se establecerán de ser o caso, e se elaboraría unha lista de agarda.

- **Solicitudes presentadas fóra do prazo de solicitude de inscrición:** A orde das solicitudes presentadas fóra do prazo de solicitude de inscrición virá determinada segundo a data de presentación da súa solicitude de inscrición por rexistro de entrada.

- **Datas de publicacións de solicitudes admitidas:**

O **anuncio inicial** de aceptación de solicitudes cos servizos que inicialmente poden poñerse en marcha en función das solicitudes recibidas publicarase o **17 de marzo de 2026** na páxina web municipal ou se poderá chamar ao Concello de Cambre (Concellería de Educación) no número de teléfono.: 981 613 291.

A baixa ou cambio de modalidade, e presentación de solicitudes fóra do prazo de solicitude de inscrición, solicitarase por escrito presentándoa en calquera dos rexistros municipais ou sede electrónica do Concello de Cambre **ata as 23:59 horas do 20 de marzo de 2026**. Logo destas datas non se poderán presentar novas solicitudes de alta nin de baixa nin de cambio de modalidade e procederase igualmente ao cobro da actividade, agás se a solicitude de baixa ou cambio de modalidade fose por causa de forza maior e xustificada e é presentada antes do comezo da actividade.

Haberá unha **publicación definitiva** de solicitudes admitidas e lista de agarda, de ser o caso, e os servizos definitivos que se van a realizar, o día **25 de marzo de 2026** na páxina web municipal, xa que por mor das baixas ou cambios de modalidade a información inicial pode variar.

- **O programa diario** estará estruturado da seguinte maneira:

- Haberá servizo de Mañanceiro a primeira hora da mañá con almorzo incluído, para quen o solicite, de 7:30 a 9:30 horas.
- As actividades propias do programa realizaranse de 9:30 a 13:30 horas. Serán actividades lúdico - deportivas e culturais. Faranse grupos de 14 participantes por idades co/coa seu/súa monitor/a.
- Por último, de 13:30 a 16:30 horas haberá servizo de comida no comedor escolar para quen o solicite, e os participantes farán actividades logo da comida e antes de que sexan recollidos/as polos/as seus/súas pais/nais ou titores. Se non houbera solicitudes suficientes para poñer en marcha o servizo de comida, para os que solicitaron a comida as actividades rematarían ás 14:30 horas e habería atención aos participantes de 14:30 a 15:00 horas, opción que deberán indicar na solicitude de inscrición.

- **Prezos:** O prezo público e as reducións son as reflectidas no Acordo regulador do prezo público por actividades extraescolares municipais, artigo 4º, apartado 9 programa de actividades extraescolares en períodos vacacionais: 1,00 euro/ hora polas actividades e 4 euros/ día pola comida. Tendo en conta o número total de horas do programa por módulos o prezo sería:

Módulo Mañanceiro - Almorzo: 2 euros/día.

Módulo actividades mañá: 4 euros/día.

Módulo da comida: 3 euros/ día + 4 euros/día (comida).

Tendo en conta as diversas modalidades que podan xurdir, as tarifas a aplicar por modalidade e quenda serían as seguintes:

Nº MODALIDADE	MODALIDADE	IMPORTE ACTIVIDADE	IMPORTE COMIDA	IMPORTE TOTAL
1	Mañanceiro (con/sen almorzo) e actividades 6 horas: de 7:30 a 13:30 horas.	24,00 €	_____	24,00 €
2	Mañanceiro (con/sen almorzo), actividades e comida 9 horas: de 7:30 a 16:30 horas.	36,00 €	16,00 €	52,00 €
3	Actividades e comida 7 horas: de 9:30 a 16:30 horas.	28,00 €	16,00 €	44,00 €
4	Só actividades 4 horas: de 9:30 a 13:30 horas.	16,00 €	_____	16,00 €

Se non houbera o servizo da comida o importe da modalidade elixida con comida sería o que lle corresponda polo número de horas (xa que para os que elixiron esta modalidade se alargarían as actividades unha hora máis, se así o indica na solicitude de inscrición).

Importante a ter en conta polos/as pais/nais ou titores:

- As autorizacións que figuran na solicitude deben ser cubertas. De non ser cubertas ou omitir a dita información, o Concello non se fará responsable das circunstancias que poidan ocorrer relacionadas coas mesmas.
- Os participantes **non** poderán achegar material propia da casa nin aparellos electrónicos nin teléfono móbil.
- Os participantes **non** poderán levar comida para o almorzo nin para a comida, pero si para a merenda a media mañá.